

Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico (para as quendas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral)

Parte común.

Tema 1. A Constitución Española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración Pública galega.

Tema 3. A Lei Xeral de Sanidade: fundamentos e características. Competencias das Administracións Públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: O sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: Disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: Réxime de provisión e selección de prazas.



Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais: Capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

Parte específica.

Tema 1. Servizo de radioloxía e medicina nuclear: estrutura, organización e funcións. Servizo de admisión, atención ao paciente e documentación clínica.

Tema 2. Concepto de asepsia, antisepsia, esterilización e desinfección. Concepto de saúde e enfermidade. A infección hospitalaria: medidas preventivas no servizo de radioloxía e medicina nuclear.

Tema 3. Relación técnico especialista-paciente. Técnicas de comunicación e habilidades sociais. Problemática e atención de pacientes afectados de discapacidade física ou psíquica, pacientes senís e pacientes oncolóxicos. Técnicas de mobilización de pacientes.

Tema 4. Programa de garantía de calidade no servizo de radioloxía e medicina nuclear. Control de calidade en aspectos clínicos. Control de calidade do equipamento. Programa de mantemento.

Tema 5. Física das radiacións: conceptos e tipos de radiacións ionizantes. Interacción das radiacións ionizantes coa materia. Fontes e equipos xeradores de radiacións ionizantes utilizadas nas unidades de radioloxía e medicina nuclear. Magnitudes e unidades radiolóxicas.

Tema 6. Detección e medida das radiacións: fundamentos. Detectores utilizados nas instalacións de radioloxía e medicina nuclear. Dosimetría ambiental e persoal.

Tema 7. Radiobioloxía: radiosensibilidade, resposta celular sistémica e orgánica. Efectos xenéticos e somáticos da radiación.

Tema 8. Protección radiolóxica: protección radiolóxica operacional. Regulamento da protección sanitaria fronte ás radiacións ionizantes.

Tema 9. Equipamentos de diagnóstico por imaxe: radioloxía convencional intervencionista, tomografía computerizada, resonancia magnética e ultrasonografía. Principios de tomografía computerizada e resonancia magnética: fundamentos físicos, aplicacións e indicacións. Estudos e técnicas de exploración con TC e RMN. Ultrasonografía. Bases e fundamentos físicos. Ultrasonografía en 2, 3 e 4 dimensións. Vantaxes. Inconvenientes.

Tema 10. Outras exploracións radiolóxicas: Ortopantomografía, dacriocistografía, sialografía, fistulografía, densitometría, linfografía, flebografía, anxioTAC, anxioRM.



Tema 11. Equipamentos de medicina nuclear: gammacámara e tomografía de emisión de positrons (PET).

Tema 12. Xestión de material radioactivo: recepción, almacenamento e manipulación. Xestión de residuos en radioloxía: clasificación, transporte, eliminación e tratamento. Segregación de residuos e envasado. Xestión de residuos radioactivos nas unidades de medicina nuclear.

Tema 13. Contrastes radiolóxicos. Tipos. Indicacións. Precaucións xerais na súa utilización. Utilidade en TC e RM.

Tema 14. Sistemas de imaxe na radioloxía convencional. Película radiográfica: revelado e fixado. Sistemas dixitais de imaxe.

Tema 15. Radioloxía de urxencias, coidados intensivos e quirófanos. O paciente politraumatizado, o seu manexo e prioridades exploratorias.

Tema 16. Anatomía radiolóxica e técnicas de exploración radiolóxica das extremidades e articulacións. Tipos de fracturas. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 17. Anatomía radiolóxica e técnica de exploración da columna e articulacións. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 18. Anatomía radiolóxica e técnica de exploración da rexión cranial. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.



Tema 19. Anatomía radiolóxica e técnicas de exploración do tórax. Conceptos xerais sobre a patoloxía pulmonar. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 20. Anatomía radiolóxica e técnicas de exploración do aparello xenito-urinario. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 21. Anatomía radiolóxica e técnicas de exploración do abdome, con e sen medios de contraste. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 22. Anatomía radiolóxica e técnicas de exploración da mama. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 23. Radioloxía do sistema biliar. Colecistografía oral. Colaxiografía intravenosa. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 24. Anatomía radiolóxica e técnicas de exploración do tracto dixestivo superior. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 25. Anatomía radiolóxica e técnicas de exploración do tracto dixestivo inferior. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 26. Arteriografía, flebografía e angiografía dixital: técnicas de exploración radiolóxica. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 27. Angiografía cerebral. Técnica radiolóxica. As súas contraindicacións.

Tema 28. Radioloxía pediátrica. Estudo do/da prematuro/a e do/da lactante. Coidados e consideracións especiais. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 29. Técnicas radiolóxicas usadas para o estudo cardíaco. Factores de exposición: quilovoltaxe, miliamperaxe e tempo de exposición.

Tema 30. Primeros auxilios no servizo de radioloxía e medicina nuclear. Actuacións ante situacións de emerxencia: parada cardíaca, hemorrxias, reaccións alérxicas e responsabilidade do/da técnico en radioloxía.

Tema 31. Nocións básicas de informática: concepto de procesador de textos, base de datos e correo electrónico. Intranet: concepto.

Tema 32. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Morbilidade diferenciada. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Nota:

Parte común: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 21 de agosto de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal sanitario de formación profesional. (Diario Oficial de Galicia núm. 170 de 4 de setembro).



Parte específica: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 17 de xuño de 2015, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario (Diario Oficial de Galicia núm. 121 de 30 de xuño), agás o tema 32 engadido, que procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 21 de agosto de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal sanitario de formación profesional (Diario Oficial de Galicia núm. 170 de 4 de setembro).